

# Gravados rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS\*

## Sumario

O traballo é o froito dunha rigurosa labor de campo, sobre gravados rupestres, aplicada nunha zona considerada estéril neste tipo de xacementos, como é unha parroquia do NL da provincia de A Coruña.


## Abstract

The research work is the fruit of a rigorous field-work, about the rupestrian engravings, applied to a zone which was considered in this type remains, like it's a parish in the N-E of province of A Coruña

## I-INTRODUCCIÓN

A aparición de novos petroglifos no NL da provincia de A Coruña, pode supoñer unha noticia relevante ou novedosa, xa que se trata dunha zona considerada estéril neste tipo de depósitos; nada máis lonxe da realidade, este territorio, a pouco que se investigue semella ser o grande descoñecido neste tipo de depósitos, no que as primeiras publicacións sobre estes gravados rupestres aparecen a partir de mediados da década dos anos 90.

Os gravados que agora presentamos, aínda que englobados dentro do "Grupo Atlántico", seguen a estar formados por diversas combinacións circulares con suco de saída/entrada e con/sen cazoleta central, círculos simples, unha espiral (ata o de agora representación inédita nestas latitudes) e diversas figuras asociadas a este tipo de combinacións encadradas dentro do mundo xeométrico; sen esquecer as cazoletas, que están presentes en tódalas pedras localizadas. Si ben no atopamos ata momento representacións antropomorfas e zoomorfas (abundantes sobre todo no S da nosa comunidade autónoma), non debemos esgotar a posibilidade de que fosen representadas nestas latitudes.



Plano de situación de gravados no N. da provincia da Coruña.

★ Círculos concéntricos  
☆ Outros gravados

## II-PARROQUIA DE SAN XURXO DE TORRES (VILARMAIOR)

Vilarmaior é un pequeno concello de 30 Km<sup>2</sup> que se sitúa no dominio xeográfico das Mariñas orientais, na actualidade está dividido en seis parroquias (Doroña, Grandal, Güimil, Torres, Vilarmaior y Vilamateo); o seu clima pode englobarse no dominio oceánico-húmido propio da costa setentrional galega e no aspecto litolóxico tampouco dista moito do resto da nosa comunidade con rochas de esquistos, granitos gnéisicos e granitos granulados de dúas micas, no que se atopan a maior parte dos gravados. As maiores altitudes do concello están na zona oriental (Catasol 440 m. e Seixo Grande 375 m.).

\*A Asociación Cultural "Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos" constitúese en Ferrol no ano 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 15 membros.

Anuario Brigantino 1999, nº 22  
Betanzos. ISSN: 1130-7625

A parroquia de estudo de 5 Km<sup>2</sup>, sitúase na parte SL. Limita polo N con Vilachá (Monfero) e Doroña, polo L con Vilachá (Monfero), polo S con Vilamateo e polo O con Vilarmaior e Calobre (Miño). Dentro da parroquia, na zona oriental é onde se atopan as maiores altitudes (Seixo Grande e Monte do Seixo), na que se localizan a maior parte dos depósitos arqueolóxicos (non so gravados, senón tamén túmulos megalíticos), e non cremos que esto se deba a unha característica unicamente xeográfica, senón tamén que se trate da zona na que menos ten influído a acción da man do home, sen esquecer que o conxunto con máis gravados (Río de Pazos) atópase na parte baixa dun pequeno val.



*División parroquial do concello de Vilarmaior. 1, Doroña; 2, Grandal; 3, Vilarmaior; 4, Torres; 5, Vilamateo; 6, Güimil.*

### III – SITUACIÓN E DESCRICIÓN DOS GRAVADOS

Como xa dixemos, a maior parte dos gravados localizámoslos nas terras máis altas da parroquia, pero tamén nas partes baixas do val, polo que para un maior comprensión da lectura imos describir os seus accesos, tomando como punto de partida a igrexa parroquial de San Xurxo de Torres.

**Río de Pazos.** - (Coordenadas xeográficas 08° 06' 59.6'' - 43° 20' 35.4'' e UTM 571610 - 4799390) Cota de altitude 249 m. Este conxunto de gravados foi a orixe do presente traballo ó aparecer referenciado por D. Fernando Costas Goberna no traballo “Los motivos xeométricos en el grupo galaico de arte rupestre” nº 2. 1996.


A súa localización e sinxela, partindo da igrexa de Torres en dirección S, pola estrada cara a Vilamateo, os petroglifos atópanse a 200 metros, na marxe dereita da mesma, nun pequeno outeiro rochoso, xunto a unha casa. Os gravados espállanse por todo o outeiro, se ben nas pedras máis próximas á casa tan só temos recoñecido a representación de cazoletas. Dividíromo-lo outeiro en paneis, detallando as representacións que observamos en cada un deles.

1º) Na parte dominante do outeiro, nunha rocha a ras do chan de 2 m. N-S x 3 m. L-O aprox. (foto 1), cortada polas labores de cantería no seu lado L, podemos observar 2 cazoletas e unha combinación circular cortadas; na parte alta, amosa unha representación gravada en relevo sobre un pequeno saínte do granito, de 4 aneis concéntricos con cazoleta central formando unha combinación de 63 cm de Ø estragada polo SO; pegada a este gravado polo N vemos una segunda combinación circular de 36 cm de Ø; na mesma pedra pódense contar 13 cazoletas.

2º) Ó N da primeira rocha atopamos o motivo central deste outeiro (fotos 2-3), maioritariamente gravado dentro dun esconche de 1'50 m. L-O x 80 cm. N-S, que a modo de cadro contén 3 combinacións circulares de 2/3 aneis con cazoleta central e suco de saída e 4 círculos con 2 aneis sen cazoleta central; na parte inferior, unha diaclasa cruza a pedra de L a O, cortando unha combinación circular de 2 aneis con cazoleta central e suco de saída; na parte baixa da diaclasa observamos 3 cazoletas. Na parte L da pedra fora do esconche (foto 4) ollamos 1 combinación de 3 aneis con cazoleta central e 8 cazoletas.

3º) Polo O do segundo panel, observamos unha combinación circular de 48 cm de Ø con 4 aneis concéntricos, ó N sae unha liña recta, polo lado S e O 4 cazoletas e unhas formas xeométricas (fotos 5-6).

Cremos que os gravados atopados no 2º panel, son significativos, xa que se sitúan dentro do esconche da pedra, o que nos fai pensar, que os seus autores, primeiro limparon



*Localización dos gravados na parroquia de Torres. 1-6, Monte Grande; 7, Monte Grande-A Chaira; 8, Río de Pazos.*

a pedra dos posibles esconches que houbera antes de proceder a gravar, conseguindo de esta forma que as insculturas dean a impresión de estar enmarcadas; tamén e de destacar que sexa a única zona no que non se atopan cazoletas.

As pedras do outeiro sitas ó N e L, están semiocultas pola vexetación e os líquenes, e no que non podemos observar máis que liñas rectas e gran cantidade de cazoletas.

**Monte Grande 1:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 23.2'' - 43° 20' 30.3'' e UTM 572430 - 4799240). Cota de altitude 277m. Partindo da igrexa de Torres en dirección N cara a Vilarmaior, a 250 m. collemos un desvío á dereita, a 600 m. tomamos unha pista de terra á esquerda e continuamos por ela sen desviarnos 520 m., chegando a este punto, penetramos á esquerda por medio dun bosque de eucaliptos en dirección N; a 105 m. do camiño, atopamos unha pedra de 2'70 m (O-L) x 4 m (S-N) a ras de chan. Nela observamos no O da mesma (foto 8) unha combinación circular de 50 cm de Ø e 3 aneis concéntricos sen cazoleta central, cunha raia que a atravesa de L a O, o SO unha combinación circular, da que tan so conserva a cazoleta central e parte do primeiro círculo, máis o L unha combinación circular de 41 cm de Ø con 3 aneis concéntricos e 1 semicírculo, da que saen cara a SO unhas complexas formas xeométricas, con paralelos na súa forma as atopadas en San Fiz de Amarante, Antas de Ulla – Lugo, (Pena dos Chaos, fig.1).

**Monte Grande 2:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 20.8'' - 43° 20' 31.2'' e UTM 572485 - 4799270). Cota de altitude 286 m. A 76 m. do grupo anterior en dirección NL (45°), un pequeno afloramento granítico presenta claros sinais de traballos de cantería (foto 7). Aquí podemos observar na parte NL da pedra unha espiral de 3 voltas, interrompida polo O por unha veta da pedra, máis o SL, case inapreciables quedan restos do que puido ser un combinación circular con cazoleta central e suco de saída, unha forma ovalada, e al menos 5 cazoletas dispersas pola pedra. En realidade cremos que tanto o grupo anterior coma este encóntranse dentro do mesmo afloramento granítico, polo que e moi posible

que aparezan novos gravados segundo vaia desaparecendo o manto vexetal da zona.

**Monte Grande 3:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 09.4" - 43° 20' 37.6" e UTM 572740 - 4799470). Cota de altitude 320 m. Partindo da igrexa de Torres, tomamos dirección ó N (cara a Vilarmaior) a 250 m. tomamos un desvío á dereita, a 150 m. tomamos un desvío á esquerda, polo que continuamos primeiro por asfalto e despois por unha pista de terra (en total uns 800 metros); chegados a este punto tomamos unha devasa á dereita, e no primeiro desvío tomaremos de novo á dereita por outra devasa. Na primeira pedra á dereita que nos atopamos a carón da devasa encóntranse os gravados.

Trátase dunha pedra granítica de 5 m. (L-O) x 2'40 m. (N-S), nela podemos observar polo O un gravado que consta dunha combinación circular cortada polo SL, e liñas que se entrecruzan (foto 10); cara o L, observamos o que sen dúbida é un dos motivos máis interesantes desta parroquia (foto 9), trátase dunha combinación circular de 2 aneis concéntricos con cazoleta central e suco de saída, asociado a outra combinación con forma de tea de araña, de 45 cm Ø con 4 aneis concéntricos; se ben é posible que fosen nun principio segmentos en forma de U opostos, ós que logo engadíronse os aneis circulares (todo isto motivado porque os trazos de dentro e fora dos aneis non se chegan a xuntar, e figuran a distinto nivel; ademais os trazos que se atopan dentro do segmento de U, son liñas rectas e non curvas como as de fora do segmento).

Cara o NL, na parte máis alta da pedra observamos unha combinación circular 28 cm de Ø con 2 aneis concéntricos, cazoleta central e suco de saída, o seu arredor hai 8 cazoletas e varios trazos de liñas rectas (foto 11). Afastado 1 m. ó NL, nun nivel máis baixo atópase outra combinación circular de 35 x 25 cm, con 2 aneis concéntricos asociados a outra combinación xeométrica.

**Monte Grande 4:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 09.5" - 43° 20' 37.7" e UTM 572737 - 4799472). Cota de altitude 321 m. A uns 3 m. cara a O, do conxunto anterior, atopámonos cunha pedra que como único motivo representado ten 7 cazoletas de distintos diámetros; se ben temos que dicir que a pedra está estragada polo traballo dos canteiros. Describimos esta pedra pola súa proximidade ós outros grupos, xa que na zona de Monte Grande atópanse gran cantidade de pedras con 1 ou 2 cazoletas gravadas.

**Monte Grande 5:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 09.8" - 43° 20' 37.6" e UTM 572731 - 4799470). Cota de altitude 320 m. Continuando desde o grupo Monte Grande 3, a 9 m. polo mesma devasa en dirección O, atopamos unha pedra a ras de chan, na que observamos xa moi deteriorado un círculo simple de 17 cm de Ø.

**Monte Grande 6:** (Coordenadas xeográficas 08° 06' 12.9" - 43° 20' 51.6" e UTM 572655 - 4799900). Cota de altitude 317 m. Partindo da igrexa de Torres cara ó N (cara a Vilarmaior) a 800 m., tomamos un cruce á dereita cara a Pontedeume e a 450 m. tomamos un novo cruce á dereita, a 100 m. tomamos un desvío á esquerda (esta vez sen asfaltar). A pedra atópase a 550 m. do cruce anterior, na marxe dereita do camiño a un nivel inferior, moi preto dunhas abelleiras. Trátase dunha pedra de 2 m. N-S x 7 m. L-O aprox. na que observamos 18 cazoletas (algunhas delas unidas por unha canle), que oscilan entre 4 e 11 cm de Ø. A pesares de existir máis pedras na zona, non atopamos ningún outro tipo de representacións; cabe destacar tamén que o panel está a carón do que foi un antigo camiño que atravesa o concello de O a L, e tras pasar a rentes do Marco do Seixo (límite do coto xurisdiccional do Mosteiro de Monfero), métese no concello de Monfero.

**Monte Grande - A Chaira:** (Coordenadas xeográficas 08° 05' 19.9" - 43° 20' 50.2" e UTM 573850 - 4799870) Cota de altitude 366 m. Este conxunto atópase a carón do mesmo camiño que o grupo anterior (cara o L), nembargantes describerémolos accesos partindo

do cruce da pista principal na que nos desviamos para os grupo 3-4-5 de Monte Grande, pola que continuamos sen tomar ningún desvío cara o L-NL durante 700 m., chegados a este punto tomamos unha devasa á esquerda, a 200 m. volvemos a tomar de novo á esquerda, a 70 m. atopamos un pequeno afloramento granítico á esquerda (foto 12), no que observamos 1 cazoleta de 10 x 12 cm rodeada por un círculo, formando unha combinación de 26 x 30 cm; na mesma pedra se localizan outras 7 cazoletas. Dos grupos localizados ata o de agora é que se sitúa a maior altitude, tamén é o único dende o que se poden ollar túmulos megalíticos (situado o máis próximo a uns 70 m. en dirección S).

#### IV - CONCLUSIÓNS

Como xa indicamos na introducción os gravados localizados, agás das cazoletas presentes en tódolos paneis, tratan de motivos xeométricos, principalmente círculos concéntricos, aunque coa novidade da aparición dunha espiral (Monte Grande 2) e outras figuras xeométricas asociadas os círculos con paralelos noutros gravados da provincia de Lugo (Monte Grande 1), pero englobados dentro do denominado «Grupo Atlántico», máis concretamente no mundo curvilíneo.

Dende sempre a interpretación do arte rupestre galego tórnase moi conflictiva, xa que non se pode responder dun xeito claro e certo quen fixo estes gravados e que motivou ás xentes a realizar este tipo de representacións; se ben ultimamente estase a barallar un grande abano de posibilidades que abrangue dende sinais territoriais, simboloxía astral, planos, etc., aunque nos cremos que a súa representación ten un carácter máis propio da simboloxía relixiosa, por ser unha función preponderante neste tipo de sociedade.


A pesares da súa antigüidade, probablemente anterior a Idade do Bronce, é posible que nalgún caso exista unha superposición de gravados (figura nº 2 de Monte Grande 3, como xa indicamos é posible que foxe completado o círculo en base ós segmentos gravados). Caso aparte son as cazoletas, que moi ben puideran ser nalgúns caso de épocas máis recentes, xa que nalgúns paneis preséntanse os gravados moi difuminados pola erosión e nembargantes as cazoletas amósanse moi visibles.

Un dos motivos alegados durante décadas sobre a non aparición de gravados na zona NL da provincia de A Coruña foi a erosión e os traballos do home, un claro exemplo destas ideas preestablecidas témolo na rocha nº 2 de Río de Pazos, onde a maior representación de todo o conxunto grávase dentro dun escondite da pedra.

A aparición destes novos conxuntos con máis representacións e novas formas, xunto cunha maior densidade de gravados nun espacio de terreo moi reducido, non fai máis que referendar as teorías e reincorporacións expostas pola nosa Asociación en anteriores publicacións, que convierten ó NL da provincia de A Coruña nun espacio virxe para os investigadores (en canto a gravados rupestres se refire), e ó Anuario Brigantino no referente bibliográfico para o coñecemento e estudo dos mesmos, nesta zona.

#### V - AGRADECEMENTOS


A publicación en “Los motivos geométricos en el grupo galaico de arte rupestre” nº 2. 1996, realizado por D. Fernando Costas Goberna na que fai referencia ó petroglifo de «Río de Pazos» motivou a realización deste artigo. Dende aquí o noso agradecemento pola axuda prestada. Non debendo esquecer que os gravados de Río de Pazos e Monte Grande 1 e 2, foron descubertos por D. Alvaro Louro, que tivo que pelexar contra administracións e profesionais, ata que o seus descubrimentos fosen recoñecidos. Dende aquí o noso apoio e máis sinxelo agradecemento.




**Río de Pazos 1**



**Río de Pazos 3**



**Río de Pazos 2**



**Mte. Grande 1**








Foto 1.- Rego de Pazos.



Foto 2.- Rego de Pazos.



Fotos 3, 4 3 5.- Rego de Pazos.






Foto 6.- Rego de Pazos.




Foto 7.- Monte Grande-2.




Foto 8.-Monte Grande-1.



Fotos 9-10.-Monte Grande-3.





*Foto 11.- Monte Grande-3.*



*Foto 12.- Monte Grande - A Chaira.*